

OBSERVACIÓNS DO XUÍZ CONTROLADOR.

CATEGORÍA “NC”

Despois de facer de xuíz controlador na 5ª proba da Liga Galega de Orientación e na 1ª proba de sprint da liga galega desta modalidade me gustaría facer varias observacións acerca de cuestións que fixeron que tivera que cometer algunhas accións que van contra o miña intención última de incentivar á participación no deporte, sobre todo dos máis pequenos.

Existe unha pseudocategoría denominada nc que, segundo as normas (“4.3. Unha persoa deportista federada que así o considere, poderá participar nunha categoría inferior á que lle corresponda, considerando fóra de competición (NC)”), permite que unha persoa participe nunha categoría inferior á súa, pero sen entrar en competición. Isto explica que unha persoa adulta aparecera inscrita en F-12 e tomara a saída acompañada do seu fillo pequeno, na proba de campo celebrada o sábado en Ribeira. Ante o absurdo da situación lle digo que debería estar anotada en Iniciación, pero me di que dende o seu clube lle indicaran anotarse en F-12. Coa normativa na man, está todo correcto porque está nunha categoría inferior á súa e está fóra de competición, aínda que comparta os puntos e o percorrido cos rapaces de 12 anos que compiten respectando o regulamento.

Por outro lado rapaces de idades moi inferiores ós dez anos se anotan en F-12 ou M-12, incapaces a todas luces de facer un percorrido solos, e saen ó monte cos seus pais en categorías de competición, algúns coa anotación NC outros sen esa anotación (foron descalificados).

En calquera dos casos anteriores a resposta dos implicados sempre é a mesma, que levan facendo iso mesmo durante toda a liga e non pasa nada, algúns intentan facerme entender o ridículo das miñas observacións cando lle indico que a categoría na que deberían inscribirse é iniciación.

Como xuíz controlador creo que nas categorías de competición deben participar aqueles atletas que son capaces de facer os percorridos seguindo o regulamento e para os que non o poden facer, se reservan percorridos de iniciación. As categorías de NC están reservadas para persoas que compiten e non optan ó premio, ó ranking ou a liga por diversas circunstancias, pero sempre competindo de forma individual e respectando o regulamento.

Non me parece lóxico que no mesmo circuíto estean competindo xóvenes atletas con adultos que van en familia de paseo acompañando a nenos.

ENTREGA DE TROFEOS.


Segundo a normativa se debería aplicar unha serie medidas con aqueles corredores premiados que non acudan á entrega de trofeos.

Non entro a valorar a transcendencia das entregas de trofeos, pero soen ser un trastorno nos horarios dos participantes, xa que o feito de que cada un remata a proba á súa hora, fai que o final da proba se prolongue moito no tempo. Isto unido a que por cuestións técnicas se soe retrasar bastante fai que os participantes non poidan planificar o tempo á súa maneira, sobre todo se acoden coa familia.

No caso da proba de Ribeira debido ós retrasos moitos participantes me viñeron avisar que lle era imposible quedarse a entrega porque tiñan unha longa viaxe de volta (Portugal, Barco de Valdeorras, etc ..) e pola mañán moitos que tiñan reservada a comida, etc...

En base a todo o anterior non transcribín á acta ós que non acudiron á entrega de trofeos.

En Ribeira a 1 de xuño de 2024.



Ado. José Antonio Ricoy Bugarín.